

INFORMACIÓN XERAL CURSO 2019/2020

CALENDARIO

	Comezo	Remate
INFANTIL E PRIMARIA	11/09/2019	19/06/2020
ESO E CICLOS FORMATIVOS	16/09/2019	19/06/2020

O primeiro día de curso ED. INFANTIL, ED. PRIMARIA, E.S.O e CFGM comezarán ás 10:00 horas.

As familias non poderán acceder ao recinto do Colexio con vehículos durante todo o curso escolar. Son excepcións a esta norma as persoas de mobilidade reducida e familias con fillos/as menores de 1 ano. Nestes casos débese solicitar permiso á dirección para introducir o vehículo no recinto.

VESTIARIO PARA TODO O ALUMNADO

- En Ed. Infantil é obrigatorio o uso do chándal uniformado modelo 0-6 anos e o mandilón, tamén uniformado que levará unha cinta para colgalo. Deberá ter inscrito o nome.
- En Ed. Primaria e E.S.O é obrigatorio o uso do uniforme escolar. O mandilón é obrigatorio en 1º e 2º de Ed. Primaria.
- Todo o alumnado (excepto Ed. Infantil) empregará **obrigatoriamente o chándal e camiseta uniformados** para as clases de Educación Física e Deporte Escolar. A camiseta de recambio para Educación Física debe ser tamén de uniforme.
- **Todas as pezas deberán levar inscrito o nome.**

O chándal, o mandilón, as camisetas e o uniforme personalizado mércanse no Colexio nas datas e horarios que especificamos no punto 3º dos Servizos Complementarios.

En 4º e 5º Ed. Infantil e 1º e 2º Ed. Primaria o uniforme e o chándal deben ser os novos modelos. No resto dos cursos permítense tanto os modelos antigos coma os novos durante os cursos 2019/20 e 2020/21.

EDUCACIÓN INFANTIL

- **TARXETA IDENTIFICATIVA, plastificada e cos seguintes datos:** nome e apelidos, teléfono de contacto, enderezo, nome da empresa de autobús e nome da parada do bus e número de autobús (será comunicado polos condutores).

AULA I+

iPads de alumnado actual:

Á volta das vacacións de verán, o alumno deberá traer o iPad preparado do seguinte xeito:

1. Borrará todas as aplicacións que instalase durante as vacacións do verán, se as houberse.
2. Borrará todo o contido (documentos, fotos, vídeos, audios, etc).
3. **Non desinstalar Meraki.** O iPad debe empregar a id proporcionada polo colexio e ter instalado Meraki (dende o colexio deixan de monitorizarse os iPad dende o 21 de xuño ata que empece o curso). **Os iPad non de nova adquisición que non cumpran este requisito prepararanse unha vez rematados os novos, co que non podemos garantir que estean preparados para o inicio de curso.**

AULA I+

Os iPad de nova adquisición deberán depositarse na Secretaría do Colexio nestas datas:

CURSOS	DATAS DE DEPÓSITO	HORARIO
PRIMARIA	Do 26 ao 28 de AGOSTO	De 9:00 a 14:00
ESO	Do 28 ao 30 de AGOSTO	

- O iPad deberá vir coa batería cargada, con funda e identificada co nome do alumno/a (non traer na súa caixa nin co seu cargador).
- **O iPad deberá vir coa configuración de fábrica** sen contas de correo privadas. Será entregado ao alumno/a o primeiro día de clase.
- **Os iPad que non se entreguen nas datas asignadas ou que non veñan coa configuración solicitada instalaranse unha vez rematados os demais, co que non podemos garantir que estean preparados para o inicio do curso.**

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

1. **Servizo de Comedor:** durante todo o curso escolar (setembro e xuño incluídos).
 - No mes de setembro enviaremos o boletín de inscrición correspondente aos meses de outubro a maio que se devolverá cuberto no prazo sinalado.
 - Para a utilización do comedor en días illados, mercarase un vale na Portería do Colexio.
2. **Transporte:** funciona desde o primeiro día.
 - AUTOS DOSIL: 981769554
 - AUTOS OUTEIRAL: 981844161
 - AUTOS FERRÍN: 620885831

3. **Servizo de librería e material escolar e venda de uniforme, mandilón e roupa deportiva:**

Todos aqueles que reservaron os libros e material escolar no Colexio poderán pasar a recollelos nas seguintes datas:

CURSOS	DÍAS	HORARIO
Ed. Infantil Ed. Primaria	02, 03 e 04 de SETEMBRO	Mañás: 9:00 a 13:00 h Tardes: 16:00 a 18:00 h
ESO	05, 06 e 09 de SETEMBRO	Mañás: 9:00 a 13:00 h Tardes: 16:00 a 18:00 h

* De non recoller os libros nestas datas, entenderemos que non interesan e devolverémolos.

A venda de material escolar, uniformes e chándal, ademais de nas datas anteriores, será durante todo o curso os luns e mércores de 9:30 a 10:00 h, no recreo (de 11:15 a 11:40 h) e os mércores pola tarde de 16:30 a 17:30 h.

A DIRECCIÓN